



Páx 2-7

PONTEVEDRA

O que hai que saber da
Compostaxe

Páx 8

PONTEVEDRA

Obras en dez rúas da cidade

Páx 9

PONTEVEDRA

Discurso de Miguel Fdez. Lores na
homenaxe a Francisco Carballo

Páx 10

PARLAMENTO

O sistema xera pobreza e
sofremento

Páx 11

MORAÑA

- Marcos Suárez cabeza de lista nas municipais
- Moraña pola seguridade viaria

Páx 12

CONTRACAPA

8 DE FEBREIRO

MANIFESTACIÓN

EN DEFENSA DA LINGUA

A planta de composta: un fito da nova política forestal

O BNG está a pular desde o Concello por un proxecto de importancia estratéxica para o futuro de Pontevedra e da Galiza: a planta de compostaxe que se vai instalar en terreos da Comunidade de Montes da Canicouva.

Mírese como se mire, a planta de compostaxe non supón máis ca beneficios. Cómpre termos claro que esta instalación precisa materia prima xerada nas vivendas (restos orgánicos) e no monte (restos vexetais dos traballos forestais).

En primeiro lugar, pois, serve para **reciclar e reutilizar** a materia orgánica xerada nos fogares e que, doutro xeito, ía a SOGAMA para consumir petróleo, ser queimado e contaminar o ambiente.

Por outra banda, no monte, a planta de produción de composta dálle unha saída á materia orgánica excedente que até o de agora eran considerados refugallo e xeraban múltiples problemas (contaminación, incendios, etc). Asemade xera uns ingresos para as comunidades dos que carecen, é dicir, a planta de compostaxe é un fito da política forestal porque dá unha **nova utilidade ao monte**.

Alén disto, o proceso de procura de terreos foi un exemplo de **transparencia, democracia e compromiso co país**. Houbo un procedemento público de solicitude de terreos, primouse a ubicación en monte comunal e produciuse unha negociación cos propietarios que aprobaron en asemblea as condicións para a cesión. O Concello fixo a súa parte, agora tócalle á Deputación construír a planta.

En definitiva, reciclamos e reutilizamos; apostamos polo rural e o monte comunal; reducimos a contaminación; pulamos pola cooperación entre administracións; avanzamos cara unha democracia verdadeira e pomos en marcha un sistema de tratamento de lixo alternativo a SOGAMA.

Desgrazadamente, e como vén sendo habitual dende que Lores é alcalde e mesmo xa de antes, **todos os grandes proxectos que precisan as veciñas e veciños de Pontevedra, a comezar pola peonalización, quitámoslos adiante non xa en solitario, senón coa oposición frontal do resto das forzas políticas, nomeadamente o PP e o PSOE**.

O que hai que saber da **compostaxe**

■ Antecedentes

A produción de composta é unha actividade tradicional na Galiza, onde sempre se fixo nas casas usando métodos artesanais. Asemade, termos un tratamento do lixo máis respectuoso co ambiente do que é SOGAMA é unha reclamación de vello da sociedade galega na que xurdiron iniciativas como a Coordinadora Antiempacadora de Vilaboa que xa a finais dos anos 90's reclamaba unha instalación deste tipo.

Tamén o nacionalismo organizado ten reclamado que se reaproveite así a materia orgánica, tanto a través de ADEGA como do propio BNG. Sen ir máis lonxe, no programa das eleccións municipais de Pontevedra do 99 dicíamos:

“A materia orgánica dos RSU's, despois de recibir o tratamento adecuado, pode ser empregada como emenda para os solos na agricultura, na xardinería e para a recuperación dos solos forestais, necesidade urxente especialmente para estes últimos que presentan amplas áreas de graves carencias de materia orgánica, estando totalmente mineralizados”.

O BNG xa quixo cumprir con este compromiso no primeiro mandato e elaborou no ano 2000 un orzamento municipal que contemplaba 800.000.000 pta. para iso: **PP e PSOE tamén se opuxeron daquela.**



A produción de composta é unha actividade tradicional na Galiza

■ Qué é a composta? Para que serve?

A composta é un produto hixiénico de aparencia semellante á terra do monte que constitúe un fertilizante rico en substancias minerais e nutrientes, beneficioso para o crecemento vexetal e que pode empregarse para mellorar a terra.

A composta procede da fracción orgánica dos residuos (a máis abundosa do que producimos os galegos e galegas) combinada con materia estruturante formada por madeira e restos vexetais.

Cómpre ter en conta que o solo galego está a perder materia orgánica polo abandono das actividades agrícolas e gandeiras ligadas á vida rural así como polas agresións ao monte, principalmente os incendios. Nesta situación, a composta contribúe a:

- Mellorar a estrutura do solo e a súa resistencia á erosión
- Achegar elementos nutritivos para a medra das plantas
- Aumentar a fauna do solo, nomeadamente as miñocas, que facilitan a aireación
- Reducir a contaminación e os efectos dos axentes tóxicos non usando fertilizantes químicos.
- Conservar as turbeiras ao non ter que empregalas como emenda.



A composta é un produto hixiénico de aparencia semellante á terra do monte que constitúe un fertilizante rico en substancias minerais e nutrientes



■ Que é a compostaxe? Que beneficios aporta?

A compostaxe é o proceso polo que convertemos a fracción orgánica dos residuos en composta.

En realidade, na natureza non existe o lixo. Nela, os restos orgánicos de animais ou de plantas voltan para o solo consumidos polos organismos descompoñentes que fan que poidan ser outra vez utilizados polas plantas. Deste xeito a natureza pecha o ciclo da materia orgánica.

A compostaxe aproveita este proceso natural que, condicionado e axudado polas persoas, permite descompor os restos orgánicos e convertelos nun fertilizante estábel e de calidade.

Desde que as persoas deixamos de ser recoletoras, a terra precisa de emendas para manter a súa produtividade, polo que esta práctica é tradicional en todo o mundo. Na Galiza, as labregas e os labregos empregaron sempre a compostaxe para estabilizar os nutrientes do esterco e outros residuos e empregalos como fertilizante.

O primeiro beneficio da compostaxe é o social, porque fai que as persoas nos responsabilicemos do coidado do medio e, ademais, implica ás comunidades de montes.

Dun punto de vista económico, a produción de composta supón un ingreso para as comunidades, as primeiras produtoras de materia estruturante.

Finalmente, no que respecta ao medio, a produción e uso da composta axuda a rexenerar os solos forestais, serve para loitar contra os incendios, mantén o bosque en boas condicións e diminúe a contaminación producida polo lixo orgánico.

A compostaxe permite descompor os restos orgánicos e convertelos nun fertilizante estábel e de calidade

Como funciona unha planta de compostaxe?

Existen diferentes xeitos de compostar a fracción orgánica dos residuos, mais sempre se segue este esquema:

1. Recébase a fracción orgánica e penéirase para quitarlle as impurezas por medios mecánicos e por selección manual.
2. Elimínanse os restos metálicos.
3. Recébase a fracción vexetal e tritúrase
4. Mistúranse e homoxenízanse as dúas fraccións, polo xeral nun 65-75% orgánica e 25-35% vexetal triturada. O resultado é o que se vai compostar. Até aquí o proceso ten que ser moi rápido (unhas poucas horas) para evitar que se deteriore a materia orgánica.
5. Disposición en pilas: cunha pá mecánica fórmanse pilas e comeza o proceso de compostaxe. Na altura actual, esta primeira fase do proceso realízase en compartimentos estancos para controlar mellor as condicións ambientais, producir unha composta de máis calidade e non xerar cheiros.
6. As pilas deben voltearse e controlar as condicións ambientais de humidade, temperatura e oxixeno no proceso.
7. Cribado da composta madura para elaborar unha composta homoxénea e fina.

Todo o proceso, ao aire libre, leva unhas 15 semanas, mais este período acúrtase con computúneis ou outros sistemas estancos na primeira parte do proceso.



Planta de composta en Euskadi, perfectamente integrada no monte



O solo galego precisa composta

Un solo sen materia orgánica é un deserto. Na Galiza, en xeral, os solos dos ecosistemas forestais sen manexo manteñen niveis adecuados de materia orgánica, mentres que os solos cultivados están a sufrir graves perdas como resultado das prácticas indebias na súa explotación.

Son varias as causas que están a provocar esta perda de materia orgánica tanto nas terras de cultivo como no monte:

1. O abandono da práctica tradicional de recoller e aproveitar os esterco animais e os residuos vexetais da colleita e do monte para manter a fertilidade e rendemento da terra
2. A labra do solo provoca cambios nas condicións de humidade, aireación e temperatura ao se producir un incremento da oxidación.
3. A intensificación dos cultivos e abandono dos rotativos.
4. Os procesos de degradación por erosión, incendios, construción de infraestruturas, solos contaminados, etc. no caso dos terreos forestais.



A planta de composta de Pontevedra

Pontevedra vai ter unha planta de compostaxe para tratar o lixo orgánico que producimos nós e, probábelmente, o de algúns concellos da bisbarra. Non se pode ser moito máis preciso no referido ás características técnicas porque van depender do plan de viabilidade que está a elaborar a Deputación.

A instalación vai ser financiada e construída pola Deputación nos terreos que aporta o Concello, que chegou a un acordo coa Comunidade de Montes da Canicouva para ubicala en 10 hectáreas forestais desta parroquia: foi a devandita comunidade de montes a que ofertou os terreos despois da convocatoria pública que fixo o concello de Pontevedra. A proposta de terreos foi aprobada por práctica unanimitade pola asemblea dos comuneiros (unha soa abstención).

A planta de Pontevedra vai precisar máis de 10.000 toneladas de materia estruturante (restos de traballos de silvicultura). Por primeira vez, o plan de viabilidade dunha planta de compostaxe vai ter en conta o custo destes aportes forestais que hai que pagar aos seus produtores e propietarios, as comunidades de montes.

É difícil saber canta materia estruturante pode producir unha comunidade porque depende do tipo de traballo que se faga no monte. En calquera caso, parece probábel que non só A Canicouva senón tamén outras parroquias terán que aportar á planta materia estru-

rante, é dicir, a planta pontevedresa vai ter de facer investimentos en máis de unha parroquia o que vai redundar en ter máis monte en boas condicións. Por mor dos custos de transporte e produción, canto máis achegada á planta estea o monte máis posibilidades de investimento terá.

En función do que diga o plan de viabilidade, o máis probábel é que en Pontevedra vaíamos ter unha planta de tamaño entre pequeno e medio que vai producir arredor de 5.000 toneladas de composta ao ano, unha cantidade nada descabellada para as necesidades do solo da nosa bisbarra. A experiencia demostra que as infraestruturas deste tamaño son as que mellor se xestionan.

A compostaxe é un proceso que, en boas condicións, non debería producir ningunha incomodidade. En calquera os terros ofertados pola Comunidade de Montes de A Canicouva están nunha zona forestal alonxada a case dous quilómetros de calquera vivenda e sen traídas de auga domésticas. O terreo é forestal para optimizar as aportacións de materia estruturante e dar novas utilidades ao monte galego.

A planta de compostaxe non ten que supor só un aforro económico para Pontevedra. Os beneficios son de outros tipos (sociais e ambientais) e entre eles sobrancea que imos deixar de contaminar o país queimando lixo en SOGAMA.

Xaneiro: obras en dez rúas da cidade



Despois da suspensión das obras durante o Nadal, a partir de mediados de xaneiro reanudáronse as obras xa iniciadas e comezaron outras novas. As obras xa iniciadas desenvólvense na **avenida de Compostela** (calmado do tráfico e mellora da mobilidade peonil e ciclista); **avenida de Marín** (reparación de pavimentos en mal estado); **zona da Seca** (mellora da accesibilidade) e **desdoblamento da Avda de Vigo**.

Novas obras

En canto ás obras novas, corresponden a actuacións de mellora da accesibilidade e segurancia viaria en diversas zonas da cidade.



Augusto González Besada, entre rúa da Oliva e Praza de Galiza

Mellora do pavimento, incluíndo dous pasos de peóns na praza de Galicia. Complementariamente vanse realizar obras de eliminación de barreiras na zona comprendida entre as rúas Oliva, Riestra e Pastor Díaz.

Domingo Fontán

estase a realizar unha actuación para mellorar a accesibilidade e a segurancia viaria mediante a construción dun paso de peóns elevado con carril bici para conectar o paseo do río coa Xunqueira da Gándara, á altura da imprenta provincial.



Avenida de Uruguai

Mellora do pavimento na zona da Ponte do Burgo e na rotonda de Galeras. Ao mesmo tempo realizaranse obras de mellora da accesibilidade en dous pasos de peóns, o que está entre a rúa Galeras e o Náutico e o situado entre a rúa Galeras e a ponte do Burgo. Nesta zona comezará tamén a retirada de semáforos que regulan os pasos peonís xa que ao existir medidas de calmado de tráfico e velocidade 30 non se consideran necesarios.

Padre Gaité:

mellora da segurancia viaria e da accesibilidade mediante a construción dun paso de peóns elevado á altura do pavillón universitario.



Avda da Estación:

comezaron as obras nesta rúa, incluídas nas melloras relacionadas co novo acceso sur-desdoblamento da avenida de Vigo.

Praza de Ourense:

reparación do pavimento de pedra.

Discurso de Lores na homenaxe ao noso compañeiro Francisco Carballo

Amigas e amigos, boa tarde. Estamos aquí para celebrar unha vida de compromiso, de loita, de xenerosidade, de vitalismo.

Unha vida de renuncias, de sacrificios no plano persoal, de entrega absoluta a causas xustas, nobres, que engrandecen a condición humana.

En todas as facetas da súa existencia, que foron múltiples e frutíferas, como puidemos comprobar hoxe, Francisco Carballo entregouse con humildade, con nobreza, con unha humanidade desbordante.

Foi un home sinxelo, sobrio, xeneroso. Desde logo en Pontevedra sabémolo ben, porque disfrutamos do seu saber, do seu talento, das súas ensinanzas e consellos.

Lembrámo-lo nas asembleas, nos debates, nas actividades do ano Castelao, do Ano Bóveda, en conferencias polas parroquias, espallando o amor a Galiza, o coñecemento da súa historia, a importancia vital do nacionalismo, a confianza no país.

Foi un mestre no sentido amplo da palabra.

Un ensinante apaixonado, un comunicador eficaz, un transmisor de enerxía e activismo, unha desas persoas que deixa unha profunda pegada, que non se esquece nunca.

Unha persoa que representa, de maneira radical, o sentido de ideas como **ética, compromiso, nacionalismo ou Galiza**. Palabras que máis alá da retórica son ferramentas imprescindibles para o traballo organizativo, para o labor político, para a responsabilidade institucional.

Ética e compromiso para defender unha sociedade máis xusta e igualitaria, na que desaparezan os privilexios duns poucos e se poñan por diante os intereses e os dereitos da maioría. Termos necesarios nun tempo coma o actual no que o gran capital e os gobernos que os serven queren condenarnos á precariedade, á intemperie, á miseria.

Ética e compromiso tamén como antídotos contra a submisión, a resignación ou do medo, que son as consignas da orde global dominante para gañar a batalla das ideas.

Ética e compromiso para denunciar un sistema cruel e corrupto que saquea o público, que destrúe o territorio, que empobrece e dilúe a diversidade, que globaliza a inxustiza, a pobreza e a guerra.



Ética e compromiso para facerlle fronte á ofensiva contra as liberdades e os dereitos democráticos. Para combater o ataque os dereitos da clase traballadora; a utilización da policía, da xustiza e da política para perseguir con multas, con detencións e coa cadea aos discrepantes, aos que defender na rúa dereitos fundamentais aos que non podemos renunciar.

Nacionalismo e Galiza para facerlle fronte a eses mesmos designios e políticas que nos negan como nación, que coutan o desenvolvemento das nosas capacidades e recursos, e que queren condenarnos á dependencia e á pobreza.

Nacionalismo e Galiza para defender a lingua que nos une, a nosa identidade cultural, a nosa historia, o territorio, unha forma xenuína de ser e estar no mundo.

Nacionalismo e Galiza, en fin, para crer en nós mesmos, para actuar con coraxe, con determinación e orgullo, para defender o país e traballar polo seu futuro con todas as forzas.

El tamén entendeu que o instrumento para andar ese camiño era o BNG, o espazo de encontro dos anxeos de xustiza social e de autogoberno.

Francisco Carballo era merecedor desta homenaxe, de todas as homenaxes. Honremos pois a súa memoria traballando para cumprir as ideas polas que el loitou, para facer realidade os seus soños. O deseño dunha Galiza próspera, acolledora e solidaria, un país soberano, igualitario e xusto.



As demoras nas percepcións dos RISGAs producen colapso social

O sistema xera pobreza e sufrimento

O pasado ano, o BNG denunciou no Parlamento galego que as persoas que solicitan o RISGA teñen que esperar máis de oito meses para percibilo.

Se temos en conta que para cumprir as condicións hai que ter unha situación económica tan precaria que nin o máis mínimo luxo, como o wifi, está permitido, podemos imaxinar a pouca resistencia das familias que esperan o “maná” dos escasos 400 euros para subsistir.

Naquel momento, a conselleira, primeiro negouno e posteriormente recoñeceu que os retrasos eran inasumíbeis, xa non só pola situación á que se condenan ás familias, senón porque a Lei de Inclusión Social, promovida polo propio Feijoo & Company, non o consinte.

Pois ben, a día de hoxe seguimos igual. Os Concellos recibimos estritas instrucións para tramitar en tempo record as peticións, e a Xunta comprometéase a dar resposta nos prazos legais. Os Servizos Sociais afogan cas esixencias

da Consellaría, máis cumpren escrupulosamente xa que lles vai a vida aos usuarios e ás usuarias que están diante, pero a resposta volve a demorarse e aínda non baixamos dos oito meses.

No Concello de Pontevedra temos 134 perceptores de RISGA e 70 máis á espera. En todo o país, segundo datos do Colexio de Traballadoras Sociais, o número de persoas que demandan servizos sociais aumentaron un 70% e a Xunta denega o 40% das peticións de RISGA.

Só a Xunta ten a chave para abrir a porta pola que se escape a miseria, os Concellos só podemos poñerlle tiritas o un cancro. Esiximos un compromiso serio e unha Administración responsable que coloque as persoas no centro das decisións.



Marcos Suárez encabezará a candidatura do BNG en Moraña

O BNG-Asambleas Abertas de Moraña atópase en pleno proceso de configuración da candidatura para as vindeiras eleccións municipais que terán lugar en maio deste ano. Despois de sete asembleas abertas por todo o Concello continúan a establecerse contactos con persoas afíns ao proxecto nacionalista que estean dispostas a formar parte da lista ou do grupo de traballo.

Neste proceso encádrase xa a elección das dúas persoas que encabezarán esta candidatura. O BNG-Asambleas Abertas en Asemblea acordou por unanimidade propoñer ao actual Portavoz Municipal, Marcos Suárez Redondo, como cabeza de lista para as vindeiras municipais, e a Eva Villaverde Pego tamén concelleira na actualidade, como segunda.

Con esta decisión a Asemblea quixo deixar claro o respaldo ao traballo feito polo Grupo Municipal durante todo o mandato e a necesidade de darlle continuidade como un chanzo máis no desenvolvemento dun proxecto político que se mantén en marcha.

Ante esta proposta, tanto Marcos Suárez como Eva Villaverde, reaccionaron agradecendo a confianza dos seus compañeiros e compañeiras e asumindo con responsabilidade a decisión. Neste sentido, o actual Portavoz Municipal manifestou: “É unha honra para min contar co apoio da militancia de Moraña para encabezar unha nova lista do BNG pero tamén unha enorme responsabilidade; cousa que asumo con compromiso de traballo e moita ilusión”.

Este acordo deberá ser agora ratificado polos órganos correspondentes do BNG, ao igual que o resto da candidatura. Unha candidatura na que se segue traballando a nivel local para que poida completarse nas vindeiras semanas e que, coma de costume, se presume será de consenso.

O BNG pola seguridade viaria

Unha das principais liñas de traballo que levamos a cabo é a procura dunha maior seguridade vial nas nosas estradas, demandando o seu arranxo, pero tamén solicitando melloras no alumeadado ou medidas que limiten a velocidade dos vehículos naquelas zonas onde se detectan excesos de velocidade.

LIMITAR A VELOCIDADE NA EP-0018, AO SEU PASO POR AMIL

Unha das estradas que precisan unha urxente actuación é a estrada provincial EP-0018, que soporta un elevado tránsito de vehículos e unhas velocidades inapropiadas que xeran unha sensación de inseguridade e supoñen un evidente perigo entre a poboación. Solicitamos que a Deputación adopte medidas para limitar a velocidade, especialmente naqueles puntos máis sensíbeis, como a zona de A Chan.

ILUMINACIÓN DA ROTONDA DA CHOCIÑA

A rotonda dos 44.000 euros en axardinamento e esculturas volve a estar sen luz, o que constitúe un auténtico perigo para a circulación nunha zona que soporta o tránsito diario dun elevado número de vehículos.

Para o BNG non se pode admitir que nunha rotonda onde o PP priorizou obras e actuacións cuns investimentos elevados non se teña as mínimas garantías de seguridade nin unha iluminación acorde á súa situación.



Foto: Xurxo Lobato

Polas fillas dos nosos fillos

ANÓTATE NOS AUTOBUSES EN:
pontevedraqueremosgalego@gmail.com
BNG: 986.86.62.05 # CIG: 986.85.29.50

MANIFÉSTATE POLA LINGUA!

Domingo, 8 de febreiro de 2015 ás 12:00 h
Alameda de Santiago de Compostela



www.queremosgalego.org